

RESOLUCIÓN

ASUNTO: RESOLUCIÓN POLA QUE SE ADOPTAN MEDIDAS EN RELACIÓN COS DISTINTOS ÓRGANOS COLEXIADOS POLA EPIDEMIA DO CORONAVIRUS COVID-19

EXPEDIENTE: 2020/G003/000176

ANTECEDENTES:

Debido á declaración do estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID 19, mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo publicado no BOE núm. 67 da mesma data, cuxas medidas foron ampliadas polo Real Decreto-ley 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19. publicado no BOE núm. 73 , do 18 de marzo, seguindo as recomendacións recollidas tamén na recomendación da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza establecidas na Resolución de 15 de marzo de 2020 publicada no DOG núm. 51 da mesma data, logo dos bandos e instrución ditados ao abeiro do disposto, no artigo 21 en relación co 84 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL) e o art. 41 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF), bandos con data 12 e 14 de marzo de 2020, e instrución do 16 de marzo de 2020 rexistrada o 17 de marzo de 2020 co nº de saída 371, sobre medidas a aplicar con respecto ao persoal do Concello de Melide, logo de ditarse o decreto da alcaldía nº 155/2020 sobre medidas en relación co estado de alarma, faise preciso, sen prexuízo doutras que sexa necesario adoptar, ditar novas medidas para garantir o mantemento da prestación dos servizos públicos esenciais con medidas que contribúan a contención da enfermidade.

En consideración ao exposto e de acordo coa lexislación aplicable **RESOLVO:**

Primeiro: Quedan suspendidas tódalas reunións dos órganos colexiados, Pleno, Comisións Informativas, Xuntas de Goberno Local , mesas de contratación, mesas de negociación e similares, agás que expresamente sexan autorizadas pola a alcaldía por razón de urxencia ou interese xeral.

Segundo: A Alcaldía en virtude do disposto no artigo 116 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades, e do disposto no apartado primeiro punto 6 da resolución da Alcaldía n.º 433/2019 de data 4 de xullo de 2019, corrixido polo Decreto n.º445/2019 de data 11 de xullo, esta alcaldía avoca as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local, para a adopción de acordos dentro do marco do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo publicado no BOE núm. 67 da mesma data, cuxas medidas foron ampliadas polo Real Decreto-ley 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19. publicado no BOE núm. 73 , do 18 de marzo e demais medidas relacionadas que se ditan ou se diten polas distintas administracións públicas competentes e que afecten a esta administración local.

Terceiro: Ao abeiro das instrucións remitidas pola Subdelegación do Goberno sobre coordinación de forzas e corpos de seguridade e a circular do 18/03/2020 da FEMP, créase a Comisión de Coordinación para a Seguridade do COVID-19 que se coordinará polo Alcalde reuníndose unha vez ao día e emitindo un informe diario, que será remitido diariamente ao Delegado do Goberno cos seguintes datos:

-Estado de situación

exp. 2020/G003/000176

- Incidencias
- Solucións as incidencias

A Comisión de Coordinación para a Seguridade do COVID-19 estará integrada pola alcaldía que será quen a coordine, por un policía local, polo sarxento da garda civil e polo xefe de protección civil. A comunicación para a coordinación entre os distintos membros da Comisión realizarase vía telefónica.

Cuarto: Estas medidas de carácter extraordinario terán a duración esixida polo estado de alarma, podendo ser modificadas en función das circunstancias e das instrucións dadas polas autoridades competentes

Quinto: Publicar este acordo no taboleiro, páxina web, e sede electrónica.

Ordeno e asino en Melide, mércores 18 de marzo de 2020. Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas. Do que a secretaria da fe. Asdo: A secretaria / María Cruz Andrade García.